

# INFORMACIÓN BÁSICA

## CICLO MEDIO DE SOLDADURA E CALDEIRERÍA

## **INDICE**

- 1. Competencia xeral do ciclo.**
  - 2. Competencias profesionais, persoais e sociais.**
  - 3. Contorno profesional.**
  - 4. Obxectivos xerais.**
  - 5. Contidos**
  - 6. Criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos exixibles.**
  - 7. Módulos profesionais.**
  - 8. Acceso a outros estudos.**
  - 9. Validacións e exencións.**
-

## **1. Competencia xeral do ciclo.**

A competencia xeral deste título consiste en executar os procesos de fabricación, montaxe e reparación de elementos de caldeiraría, canalizacións, estruturas metálicas e carpintaría metálica aplicando as técnicas de soldadura, de mecanizado e de conformación, e cumprindo as especificacións de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

## **2. Competencias profesionais, persoais e sociais.**

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

a) Determinar procesos de fabricación de construcións metálicas partindo da información técnica incluída en planos de fabricación, en normas e en catálogos.

b) Acondicionar a área de traballo, preparando e seleccionando materiais, ferramentas, instrumentos, equipamentos, elementos de montaxe e protección, partindo da información técnica do proceso que se vaia desenvolver.

c) Preparar os sistemas automáticos de máquinas e útiles de corte, mecanizado e conformación de chapas, os perfís e as tubaxes, en función das fases do proceso e das operacións que se vaian realizar.

d) Construír patróns, útiles, camas e soportes partindo das especificacións técnicas de fabricación. e) Obter elementos de construcións metálicas trazando, cortando, mecanizando e conformando chapas, perfís e tubaxes, segundo as especificacións técnicas e os procedementos de fabricación.

f) Verificar os produtos fabricados operando cos instrumentos de medida e utilizando procedementos definidos, conforme as especificacións establecidas.

g) Montar e colocar estruturas e tubaxes, segundo os procedementos de montaxe e cumprindo especificacións técnicas.

h) Unir compoñentes de construcións metálicas mediante soldadura oxiacetilénica, eléctrica por arco e resistencia, de acordo coas especificacións do produto e do proceso.

i) Cortar por oxigás compoñentes e elementos de construcións metálicas seguindo os requisitos do proceso.

j) Protexer as tubaxes mediante o tratamento de protección requirido, segundo as especificacións e as ordes de traballo.

k) Realizar o mantemento de primeiro nivel en máquinas e equipos de soldadura e caldeiraría, de acordo coa ficha de mantemento.

l) Aplicar procedementos de calidade, e de prevención de riscos laborais e ambientais, consonte o establecido nos procesos de soldadura e caldeiraría.

m) Verificar que as estruturas ou as tubaxes se axusten ás especificacións establecidas, mediante a realización das probas de resistencia estrutural e de estanquidade requiridas.

n) Reparar elementos de construcións metálicas e conseguir a calidade requirida.

o) Resolver as incidencias relativas á súa actividade, logo de identificar as causas que os provocan, tomando responsablemente as decisións.

p) Adaptarse a novas situacións laborais e a diferentes postos de traballo orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

q) Cumprir os obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme os principios de responsabilidade e tolerancia.

r) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas que se derivan das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación.

s) Xestionar a propia carreira profesional, analizando oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.

t) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando o estudo de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.

u) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e responsable.

### **3. Contorno profesional.**

1. Esta figura profesional exerce a súa actividade nas industrias de fabricación, reparación e montaxe de produtos de caldeiraría, carpintaría e estrutura relacionadas cos subsectores de construcións metálicas e navais, e de fabricación de vehículos de transporte, encadradas no sector industrial.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Soldador/ora e oxicortador/ora.
- Operador/ora de proxección térmica.
- Chapista e caldeireiro/eira.
- Montador/ora de estruturas metálicas.
- Carpinteiro/eira metálico/a.
- Tubeiro/eira industrial de industria pesada.

#### 4. Obxectivos xerais

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

a) Identificar, analizar e caracterizar as fases de fabricación de construcións metálicas, interpretando as especificacións técnicas, para establecer o proceso máis axeitado.

b) Seleccionar ferramentas e equipamentos tendo en conta a relación entre as súas características tecnolóxicas, o seu funcionamento e as necesidades do proceso, para acondicionar a área de traballo.

c) Recoñecer as características de programas de control numérico, robots e manipuladores, tendo en conta as relacións entre as linguaxes de programación e as súas aplicacións, para preparar máquinas e sistemas.

d) Analizar as técnicas de trazar, cortar, mecanizar e conformar, e manipular os controis das máquinas, xustificando a secuencia operativa para obter produtos de construcións metálicas.

e) Identificar as fases e as operacións que haxa que realizar, e analizar os procedementos de traballo e a normativa para montar estruturas metálicas e tubaxes.

f) Identificar os valores dos parámetros de traballo e analizar o proceso de soldaxe ou de corte, para preparar e pór a punto os equipamentos de soldadura ou de corte.

g) Recoñecer e manexar os equipamentos de soldadura ou corte, e describir a secuencia operativa para unir, cortar ou reparar compoñentes de construcións metálicas.

h) Recoñecer as técnicas de ensaios en relación coas prescricións de resistencia estrutural e de estanquidade que haxa que cumprir, para verificar a conformidade de produtos e instalacións.

i) Medir parámetros de compoñentes de construcións metálicas mediante o cálculo do seu valor e a súa comparación coas especificacións técnicas, para verificar a súa conformidade. j) Identificar os tratamentos de protección en relación coas características do produto final, para protexer tubaxes.

k) Identificar as necesidades de mantemento de máquinas e equipos, e xustificar a súa importancia, para asegurar a súa funcionalidade.

l) Recoñecer e valorar continxencias, determinar as causas que as provocan e describir as accións correctoras, para resolver as incidencias asociadas á súa actividade profesional.

m) Analizar e describir os procedementos de calidade, prevención de riscos laborais e ambientais, e sinalar as accións para realizar nos casos definidos para actuar de acordo con normas estandarizadas.

n) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.

o) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional.

p) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado para crear e xestionar unha pequena empresa.

q) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

## 5. Contidos

Os contidos veñen definidos na programación de cada un dos módulos segundo o currículo do ciclo formativo de soldadura e caldeirería.

**As programacións dos módulos atópase na biblioteca do centro**

## 6. Criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos exisibles.

Cada programación de cada un dos módulos definirá os criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos exisibles. Este foron consensuados no departamento de fabricación mecánica.

**As programacións dos módulos atópase na biblioteca do centro**

## 7. Módulos profesionais.

Os módulos profesionais deste ciclo formativo, que se desenvolven no anexo I do presente decreto, son os que se relacionan deseguido:

- MP0006. Metroloxía e ensaios.
- MP0007. Interpretación gráfica.
- MP0091. Trazado, corte e conformación.
- MP0092. Mecanizado.

- MP0093. Soldadura en atmosfera natural.
- MP0094. Soldadura en atmosfera protexida.
- MP0095. Montaxe.
- MP0096. Formación e orientación laboral.
- MP0097. Empresa e iniciativa emprendedora.
- MP0098. Formación en centros de traballo.

## **8. Acceso a outros estudos.**

1. O técnico en soldadura e caldeiraría permite o acceso directo para cursar calquera outro ciclo formativo de grao medio, nas condicións de acceso que se establezan.

2. Este título permitirá acceder mediante proba, con dezaoito anos cumpridos, e sen prexuízo da correspondente exención, a todos os ciclos formativos de grao superior da mesma familia profesional e a outros ciclos formativos en que coincida a modalidade de bacharelato que facilite a conexión cos ciclos solicitados.

3. Este título permitirá o acceso a calquera das modalidades de bacharelato, de acordo co disposto no artigo 44.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, e no artigo 16.3 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro.

## **9. Validacións e exencións.**

1. As validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeneral do sistema educativo, cos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recóllense no anexo IV do presente decreto.

2. Serán obxecto de validación os módulos profesionais comúns a varios ciclos formativos, de igual denominación, duración, contidos, obxectivos expresados como resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación, establecidos nos reais decretos polos que se fixan as ensinanzas mínimas dos títulos de formación profesional. Malia o anterior, e consonte o artigo 45.2 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, quen superara o módulo profesional de formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de empresa e iniciativa emprendedora en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terá validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. O módulo profesional de formación e orientación laboral de calquera título de formación profesional poderá ser obxecto de validación sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 45.3 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, que se acredite polo menos un ano de experiencia laboral e se posúa o certificado de técnico en prevención de riscos laborais, nivel básico, expedido consonte o disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 49 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia relacionada con este ciclo formativo nos termos previstos no devandito artigo.



# INFORMACIÓN BÁSICA

CICLO SUPERIOR

DE

CONSTRUCCIÓN

METÁLICAS

## **INDICE**

- 1. Competencia xeral do ciclo.**
  - 2. Competencias profesionais, persoais e sociais.**
  - 3. Contorno profesional.**
  - 4. Obxectivos xerais.**
  - 5. Contidos**
  - 6. Criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos exixibles.**
  - 7. Módulos profesionais.**
  - 8. Acceso a outros estudos.**
  - 9. Validacións e exencións.**
-

## **1. Competencia xeral do ciclo**

A competencia xeral deste título consiste en deseñar produtos de caldeiraría, estruturas metálicas e instalacións de tubaxe industrial, e planificar, programar e controlar a súa produción, partindo da documentación do proceso e as especificacións dos produtos que se fabriquen, asegurando a calidade da xestión e dos produtos, así como a supervisión dos sistemas de prevención de riscos laborais e protección ambiental.

## **2. Competencias profesionais, persoais e sociais.**

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan deseguido:

a) Deseñar produtos de construcións metálicas, con realización dos cálculos necesarios para o seu dimensionamento, e establecer os plans de proba.

b) Elaborar, organizar e manter actualizada a documentación técnica necesaria para a fabricación e o mantemento dos produtos deseñados. c) Definir as operacións de fabricación, montaxe e mantemento de construcións metálicas, a partir da información técnica incluída en planos de conxunto e fabricación, e en instrucións xerais.

d) Supervisar que a programación e a posta a punto das máquinas de control numérico, os robots e os manipuladores utilizados en construcións metálicas, se axusten aos requisitos establecidos.

e) Programar a produción utilizando técnicas e ferramentas de xestión informatizada, e controlar o seu cumprimento, para alcanzar os obxectivos establecidos.

f) Determinar o aprovisionamento necesario para garantir a subministración no momento axeitado, e resolver os conflitos xurdidos no seu desenvolvemento.

g) Asegurar que os procesos de fabricación se desenvolven segundo os procedementos establecidos.

h) Organizar e coordinar o traballo en equipo dos membros do seu grupo, en función dos requisitos dos procesos produtivos, exercendo motivación e influencia positiva sobre estes.

i) Xestionar o mantemento dos recursos da súa área, planificando, programando e verificando o seu cumprimento en función das cargas de traballo e a necesidade do mantemento.

j) Manter os modelos de xestión e os sistemas de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental, así como supervisar e auditar o cumprimento das normas, os procesos e as instrucións, e xestionar o rexistro documental.

k) Potenciar a innovación, a mellora e a adaptación dos membros do equipo aos cambios funcionais ou tecnolóxicos, para aumentar a competitividade.

l) Recoñecer as competencias técnicas, persoais e sociais do seu equipo planificando as accións de aprendizaxe para as adecuar ás necesidades requiridas.

m) Crear e xestionar unha pequena empresa, realizando un estudio de viabilidade de produtos, de planificación da produción e de comercialización.

n) Participar na vida económica, social e cultural, cunha actitude crítica e de responsabilidade.

o) Resolver as incidencias relativas á súa actividade, identificar as súas causas e tomar decisións de forma responsable.

p) Adaptarse a diferentes postos de traballo e novas situacións laborais orixinados por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos.

q) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas das relacións laborais, de acordo co establecido na lexislación vixente.

r) Xestionar a propia carreira profesional, analizando as oportunidades de emprego, de autoemprego e de aprendizaxe.

### **3. Contorno profesional.**

1. Esta figura profesional exerce a súa actividade en industrias dedicadas á fabricación de grandes depósitos, caldeiraría grosa e tubaxe industrial, talleres mecánicos, construción de carrozarías, remolques e caixas abatibles, construción e reparación naval, instalacións petroquímicas, material de transporte, montaxe e reparación de construcións metálicas, no ámbito da produción de construcións metálicas encadradas no sector industrial.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Técnico/a en construción mecánica.
- Encargado/a de fabricación en construcións metálicas.
- Encargado/a de montadores en construcións metálicas.
- Delineante proxectista de caldeiraría e estruturas metálicas.
- Técnico/a en deseño asistido por computador (CAD) de caldeiraría e estruturas metálicas.
- Deseñador/ora técnico/a de caldeiraría e estruturas.
- Programador/ora de sistemas automatizados en fabricación mecánica.

- Programador/ora da produción en fabricación mecánica.
- Técnico/a en desenvolvemento de tubaxes.
- Xefe/a de taller en construcións metálicas e montaxe.

#### **4. Obxectivos xerais.**

Os obxectivos xerais deste ciclo formativo son os seguintes:

- a) Determinar as especificacións de fabricación, mediante a análise da estrutura do produto de construción metálica, para realizar o seu desenvolvemento.
- b) Interpretar a información contida nos planos de detalle e de conxunto, mediante a análise do seu contido, para determinar o proceso de mecanizado ou de montaxe.
- c) Analizar as necesidades operativas na execución das fases e as operacións de mecanizado en relación coas características do produto final, para distribuír en planta os recursos necesarios no desenvolvemento do proceso.
- d) Analizar as necesidades operativas na execución das fases e as operacións de montaxe, en relación coas características do produto final, para distribuír en planta os recursos necesarios no desenvolvemento do proceso.
- e) Interpretar a listaxe de instrucións de programas, tendo en conta a relación entre as súas características e os requisitos do proceso, para supervisar a programación e a posta a punto de máquinas de control numérico, robots e manipuladores.
- f) Recoñecer e aplicar ferramentas e programas informáticos de xestión, e xustificar a súa eficacia no proceso, para programar a produción.
- g) Recoñecer e aplicar técnicas de xestión, e analizar o desenvolvemento dos procesos para determinar o aprovisionamento dos postos de traballo.
- h) Identificar e valorar as continxencias que se poidan presentar no desenvolvemento dos procesos, analizar as súas causas e tomar decisións para resolver os problemas que orixinan.
- i) Interpretar os plans de mantemento dos medios de produción en relación coa aplicación de técnicas de xestión, para supervisar o seu desenvolvemento e a súa aplicación.
- j) Analizar os sistemas de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental, e identificar as accións necesarias para manter os modelos de xestión e sistemas de calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.

k) Valorar a adaptación aos cambios do equipo de traballo mediante a mellora e a innovación dos procesos produtivos, co fin de aumentar a competitividade.

l) Determinar posibles combinacións de actuacións de traballo en equipo, e valorar con responsabilidade a súa incidencia na produtividade, para cumprir os obxectivos de produción.

m) Identificar novas competencias mediante a análise dos cambios tecnolóxicos e organizativos, e definir as actuacións necesarias para as conseguir e para se adaptar a diferentes postos de traballo.

n) Recoñecer os dereitos e os deberes como axente activo na sociedade, analizando o marco legal que regula as condicións sociais e laborais, para participar na cidadanía democrática.

o) Recoñecer as oportunidades de negocio, identificando e analizando demandas do mercado, para crear e xestionar unha pequena empresa.

p) Identificar e valorar as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e as demandas do mercado laboral, para xestionar a propia carreira profesional.

q) Valorar as actividades de traballo nun proceso produtivo, e identificar a súa achega ao proceso global para conseguir os obxectivos da produción.

## 5. Contidos

Os contidos veñen definidos na programación de cada un dos módulos segundo o currículo do ciclo formativo de construcións metálicas.

**As programacións dos módulos atópase na biblioteca do centro**

## 6. Criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos exixibles.

Cada programación de cada un dos módulos definirá os criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos esixibles. Este foron consensuados no departamento de fabricación mecánica.

**As programacións dos módulos atópase na biblioteca do centro**

## 7. Módulos profesionais.

Os módulos profesionais deste ciclo formativo, que se desenvolven no anexo I do presente decreto, son os que a continuación se relacionan:

- MP0162. Programación de sistemas automáticos de fabricación mecánica.
- MP0163. Programación da produción.
- MP0165. Xestión da calidade, prevención de riscos laborais e protección ambiental.
- MP0245. Representación gráfica en fabricación mecánica.
- MP0246. Deseño de construcións metálicas.
- MP0247. Definición de procesos de construcións metálicas.
- MP0248. Procesos de mecanizado, corte e conformación en construcións metálicas.
- MP0249. Procesos de unión e montaxe en construcións metálicas.
- MP0250. Proxecto de construcións metálicas.
- MP0251. Formación e orientación laboral.
- MP0252. Empresa e iniciativa emprendedora.
- MP0253. Formación en centros de traballo.

## **8. Acceso a outros estudos e validacións.**

1. O título de técnico superior en construcións metálicas permite o acceso directo para cursar calquera outro ciclo formativo de grao superior, nas condicións de acceso que se establezan.

2. Este título permite o acceso directo ás ensinanzas conducentes aos títulos universitarios de grao nas condicións de admisión que se establezan.

3. Para os efectos de facilitar o réxime de validacións entre este título e as ensinanzas universitarias de grao, asígnanse 120 créditos ECTS distribuídos entre os módulos profesionais deste ciclo formativo.

## **9. Validacións e exencións.**

1. As validacións de módulos profesionais dos títulos de formación profesional establecidos ao abeiro da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeneral do sistema educativo, cos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, recóllense no anexo IV do presente decreto.

2. Serán obxecto de validación os módulos profesionais comúns a varios ciclos formativos, de igual denominación, duración, contidos, obxectivos expresados como resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación, establecidos nos reais decretos polos que se fixan as ensinanzas mínimas dos títulos de formación profesional. Malia o anterior, e consonte o artigo 45.2 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, quen superara o módulo profesional de formación e orientación laboral, ou o módulo profesional de empresa e iniciativa emprendedora en calquera dos ciclos formativos correspondentes aos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, terá validados os devanditos módulos en calquera outro ciclo formativo establecido ao abeiro da mesma lei.

3. O módulo profesional de formación e orientación laboral de calquera título de formación profesional poderá ser obxecto de validación sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 45.3 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, que se acredite polo menos un ano de experiencia laboral e se posúa o certificado de técnico en prevención de riscos laborais, nivel básico, expedido consonte o disposto no Real decreto 39/1997, do 17 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento dos servizos de prevención.

4. De acordo co establecido no artigo 49 do Real decreto 1538/2006, do 15 de decembro, poderá determinarse a exención total ou parcial do módulo profesional de formación en centros de traballo pola súa correspondencia coa experiencia laboral, sempre que se acredite unha experiencia relacionada con este ciclo formativo nos termos previstos no devandito artigo.



# INFORMACIÓN BÁSICA

## PCPI

### DE

# FABRICACIÓN MECÁNICA

## **INDICE**

- 1. Competencia xeral do PCPI.**
  - 2. Competencias profesionais, persoais e sociais.**
  - 3. Contorno profesional.**
  - 4. Contidos**
  - 5. Criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos exixibles.**
  - 6. Módulos específicos.**
-

## **1. Competencia xeral do PCPI.**

Realizar operacións básicas de fabricación, así como alimentar e asistir nos procesos automatizados de mecanizado, montaxe e fundición, con criterios de calidade, seguridade e respecto polo medio.

## **2. Competencias profesionais, persoais e sociais.**

As competencias profesionais, persoais e sociais deste programa de cualificación profesional inicial son as que se relacionan deseguido:

- a) Interpretar planos sinxelos e analizar a información técnica nos procesos de fabricación e montaxe.
- b) Empregar correctamente a simboloxía e a terminoloxía propias do campo profesional do mecanizado.
- c) Recoñecer e utilizar correctamente as ferramentas do taller.
- d) Utilizar correctamente e con destreza as ferramentas, as máquinas, as técnicas e os procedementos axeitados para preparar os útiles e os materiais necesarios nun proceso de fabricación ou montaxe, consonte as especificacións de plans de traballo establecidas.
- e) Efectuar o transporte e a manutención de materiais, útiles e pezas para poder levar a cabo a orde de fabricación ou montaxe, atendendo á correcta manipulación e coas medidas de seguridade adecuadas.
- f) Realizar procesos de alimentación de pezas, ferramentas, baleirado e enchido de depósitos, e evacuación de residuos, conforme o proceso establecido.
- g) Recoller, seleccionar e almacenar correctamente os residuos producidos nos procesos de fabricación e montaxe, de acordo coa normativa ambiental.
- h) Analizar a nivel elemental as propiedades dos materiais máis utilizados, así como as súas variacións debidas á aplicación de tratamentos.
- i) Operar destramente con instrumentos de control e verificación, co fin de mellorar a calidade do produto ou do proceso realizado.
- j) Realizar operacións básicas de mecanizado manual, tras unha correcta selección das ferramentas e das técnicas.
- k) Realizar operacións básicas de mecanizado con máquinas ferramenta utilizando as técnicas e os procedementos axeitados.
- l) Realizar operacións de preparación e unión de pezas, consonte os plans de traballo establecidos para a construción de obxectos, conxuntos mecánicos e

estructuras metálicas, utilizando correctamente e con destreza as ferramentas e os equipamentos.

m) Realizar segundo o manual o mantemento de primeiro nivel de máquinas e equipamentos para garantir a súa funcionalidade, e comunicar as anomalías que non se poidan resolver.

n) Cumprir a actividade con orde, rigor e limpeza, conforme a documentación e as instrucións xerais recibidas.

o) Coñecer a correcta utilización e o mantemento dos medios e dos equipamentos de protección individual e colectiva existentes no taller.

p) Cumprir as normas en materia de seguridade e saúde laboral recollidas na lexislación.

q) Comprender o marco legal, os dereitos e as obrigas inherentes ao traballo.

r) Adaptarse aos postos de traballo e ás novas situacións laborais xeradas como consecuencia dos cambios tecnolóxicos producidos na evolución da profesión.

s) Manter relacións fluídas cos membros do grupo en que se estea integrado, e participar activamente na organización e no desenvolvemento das tarefas colectivas para a consecución dos obxectivos asignados, mantendo unha actitude tolerante e respectando o traballo do resto do persoal.

t) Establecer comunicacións verbais, escritas ou gráficas con outros departamentos.

u) Resolver problemas e tomar decisións individuais, seguindo normas establecidas ou procedementos definidos dentro do ámbito da súa competencia, e consultar as devanditas decisións cando a súa repercusión sexa importante.

### **3. Contorno profesional.**

1. Ámbito profesional. Desempeña a súa actividade laboral en empresas grandes, medianas e pequenas dedicadas á fabricación e á montaxe de produtos electromecánicos.

Opera seguindo instrucións de persoal técnico superior, segundo procedementos establecidos.

2. Sectores produtivos:

- Fabricación de produtos electromecánicos.
- Fabricación de equipamentos de precisión ópticos e similares.
- Talleres mecánicos.
- Construción de maquinaria e equipamentos mecánicos.
- Construción de vehículos automóbiles e as súas pezas.

- Construción e reparación navais.
- Construción e reparación de material ferroviario.
- Construción e reparación de aeronaves.
- Construción de bicicletas e motocicletas.
- Fabricación doutro material de transporte.

3. Ocupacións e postos de traballo máis salientables:

- Peón de industrias manufactureiras.
- Auxiliar de procesos automatizados.
- Auxiliar de procesos de fabricación e montaxe.

#### 4. Contidos

Os contidos veñen definidos na programación de cada un dos módulos segundo o currículo do PCPI de Fabricación mecánica.

**As programacións dos módulos atópase na biblioteca do centro**

#### 5. Criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos exigibles.

Cada programación de cada un dos módulos definirá os criterios de avaliación e cualificación, procedementos de avaliación e mínimos exigibles. Este foron consensuados no departamento de fabricación mecánica.

**As programacións dos módulos atópase na biblioteca do centro**

#### 6. Módulos específicos

1. Os módulos específicos deste perfil profesional, que toman como referentes os módulos formativos asociados ás unidades de competencia de que se compón, quedan desenvolvidos no anexo I da presente resolución.

2. Son os que se relacionan deseguido:

- ME0044. Operacións de fabricación.
- ME0045. Operacións de montaxe.
- ME0046. Formación en centros de traballo.